



XUNTA
DE GALICIA



FORMACIÓN
PROFESIONAL

Encontros
sectoriais
e territoriais

PLAN CONECTA FP GALICIA

de colaboración público-privado para o establecemento de
ofertas de formación profesional a medida do tecido
produtivo galego 2023-2025



Contexto

A Formación Profesional galega ven dando mostras dunha **grande fortaleza**, nos últimos anos:



MATRÍCULA 2022-23

Por primeira vez, no curso actual 2022-2023 matriculáronse nestas ensinanzas **máis de 60.000 persoas**, un **75 % máis** que no curso 2008-2009.



AMPLA REDE DE CENTROS INTEGRADOS DE FP (CIFP)

24 centros que constitúen o eixe vertebrador da FP galega ao contribuír de forma decisiva a cualificación e recualificación das persoas, e aposta por dar resposta as necesidades formativas dos sectores produtivos. **Nestes centros está matriculado o 46% do alumnado** de Formación Profesional de centros públicos de Galicia.



INCREMENTO DE EMPRESAS COLABORADORAS

O número de empresas colaboradoras coa FP dual **incrementouse nun 388%** desde o curso 2019-2019, e o número de empresas colaboradoras coa FP galega **supera as 10.000**.



CENTRO GALEGO DE INNOVACIÓN DA FP DE OURENSE

Púxose en marcha o Centro Galego de Innovación da FP de Ourense, o que suporá a **intensificación da conexión entre a FP e o sectores produtivos**, ao desenvolver de forma conxunta, entre os centros educativos e as empresas, proxectos de innovación, redundando na mellora da competitividade das empresas galegas e na formación de alta especialización do profesorado.



REDE ESTATAL DE CENTROS DE EXCELENCIA

Incorporáronse **tres CIFP galegos**, á Rede Estatal de Centros de Excelencia coa máxima puntuación de España: o CIFP Carlos Oroza de Pontevedra, O CIFP Ás Mercedes de Lugo e CIFP Ánxel Casal- Monte Alto de A Coruña.

Contexto

Atendendo ao nivel de formación da poboación activa, obsérvase que en España, case a metade das persoas que conforman a poboación activa, **un 48,02%, ten un nivel de formación que non a capacita profesionalmente**, o que ocasiona a perda da empregabilidade, impedindo o acceso a mellores empregos e limitando a capacidade de produción e da competitividade das empresas. Por outra banda, existe un exceso de persoas cun baixo nivel de cualificación (**30% fronte ao 15% da Unión Europea**) e resulta necesario incrementar, polo menos en 10 puntos, o número de cidadáns cun nivel de cualificación medio (**32% fronte ao 45% da UE**). Para paliar estes desequilibrios as ensinanzas de formación profesional desenvolven un papel esencial.

En Galicia, a situación da Formación Profesional é, polo xeral, **mais satisfactoria que a media de España** e da maior parte dos territorios do Estado. A porcentaxe de estudantes de FP respecto á educación postobrigatoria creceu desde o curso 2013/2014 en mais de 4 puntos porcentuais e supera en 7,14 puntos porcentuais a media de España. A poboación de 25 a 64 anos titulada en FP creceu en 2,63 puntos porcentuais, máis ca media de variación experimentada en España, superando en 2,6 puntos á media española; e por último, a porcentaxe de

poboación de 25-64 anos que participa en educación-formación (15,2%) supera ao dato español e experimentou un crecemento tamén superior.


Con todo, **a porcentaxe de ofertas de emprego que requiren título de FP de grao medio en Galicia, é inferior á porcentaxe nacional**; 15,11%, fronte a 15,91%. Situación que se acentúa no caso do grao superior, 16,61% fronte a 20,88%.



ESENCIAL PARA
PALIAR OS
DESEQUILIBRIOS



MÁIS DEMANDA
E MÁIS
SATISFATORIA



POUCAS OFERTAS
DE EMPREGO
RELACIONADAS

Antecedentes



LEI ORGÁNICA 3/2022, DE 31 DE MARZO, DE ORDENACIÓN E INTEGRACIÓN DA FORMACIÓN PROFESIONAL

Establécese como uns dos obxectivos do Sistema de Formación Profesional, **o impulso da dimensión dual da formación profesional e dos seus vínculos co sistema produtivo** nun marco de **colaboración público-privada** para a creación conxunta de valor, o aliñamento dos obxectivos e proxectos estratéxicos comúns, a superación da fenda urbano/rural a través dunha adecuada adaptación territorial, e o uso eficaz dos recursos en ámbitos formativos e profesionais. As empresas ou organismos que colaboren co sistema de Formación Profesional:

- » terán dereito a **demandar accións de formación** adaptadas ás súas necesidades e a solicitar aos centros o desenvolvemento de proxectos de innovación conducentes á mellora da súa produtividade.
- » contribuirán á **detección da evolución de perfís profesionais** e as novas necesidades formativas derivadas tanto de avances tecnolóxicos como de esixencias de sustentabilidade.



PLAN DE MODERNIZACIÓN DA FORMACIÓN PROFESIONAL

Este plan do Goberno de España ten como un dos principais principios vertebradores a **colaboración público-privada** e, sinaladamente, a participación das empresas na definición de perfís competenciais e o establecemento dos programas formativos.



DECRETO 114/2010, DO 1 DE XULLO

Na disposición adicional segunda do Decreto 114/2010, do 1 de xullo, polo que se establece a ordenación xeral da formación profesional do sistema educativo de Galicia, indícase que a consellería con competencias en materia de educación **promoverá a colaboración coas empresas e entidades empresarias** e, en particular, coas máis implicadas en **sectores clave da economía galega** e as relacionadas cos **sectores emerxentes**.

Antecedentes



ESTRATEGIA DE FP GALICIA 2030

Na Estratexia de FP Galicia 2030 aprobada no consello da Xunta do día 10 de febreiro de 2022, ten como un dos principios que a sustentan a **colaboración público-privada** entre as administracións e as empresas no proceso de adquisición de competencias por parte da cidadanía, na **identificación das necesidades de capacitación e deseño da oferta formativa**, incluíndo a modalidade dual, ou levar a cabo actuacións de difusión das ensinanzas de Formación Profesional.

Este principio da Estratexia de FP Galicia 2030 concrétase no Obxectivo Estratéxico 1.2 Colaboración na formación entre os sectores produtivos e o ámbito educativo. Este obxectivo Estratéxico 1.2 desenvólvese principalmente en **dúas iniciativas**:

» I.8 Incrementar a colaboración público-privada no deseño das posibilidades formativas e a difusión de dita formación.

- » Poranse en marcha instrumentos de colaboración formal entre a Administración e o tecido produtivo rexional para poder expandir e mellorar a súa capacidade de negocio.
- » Identificaranse as transformacións produtivas que poidan afectar ás competencias profesionais.
- » Incentivarase a definición conxunta dos novos perfís profesionais relacionados con traballos futuros.

» I.11 Desenvolver plans de accións de formación especializadas para ámbitos profesionais.

- » Estableceranse os mecanismos necesarios que permitan a configuración de ensinanzas de formación profesional específicas en función da demanda das empresas. Este instrumento permitirá ás entidades do tecido produtivo identificar as súas necesidades e configurar conxuntamente coa Consellería un itinerario formativo que responda a esas necesidades.

Acordo




En vista do anterior, o Consello da Xunta de Galicia, no marco da Estratexia de FP Galicia 2030, toma razón do **Plan Conecta FP Galicia de colaboración público-privada para o establecemento de ofertas de formación profesional a medida do tecido produtivo galego 2023-2025**.



Para o desenvolvemento deste Plan, a Consellería de Cultura, Educación, Formación profesional e Universidades, estableceu unha **colaboración coa Confederación de empresarios**, que participará de forma directa no desenvolvemento do mesmo.



Os **24 centros** que constitúen a **rede de Centros integrados de Formación Profesional de Galicia**, como referentes da Formación Profesional galega, terán a súa vez, un papel destacado na organización e desenvolvemento destas actuacións.



Obxectivos

- » Deseñar e planificar unha oferta de formación profesional do sistema educativo que dea **resposta a rápida evolución do sector produtivo** e á necesidade de contar con persoas coa capacitación adecuada para facer fronte ao importante relevo xeracional que se está producindo.

 - » Incidir na **mellora da competitividade das empresas**, dando resposta ás necesidades de capacitación que deben ter os traballadores que precisan. Detectar as **necesidades formativas** dos sectores produtivos que non están cubertas coa formación actual.

 - » Amosar a potencialidade e as posibilidades do ecosistema da formación profesional de Galicia, a través da **oferta formativa**, da **acreditación** da experiencia laboral e da **orientación** profesional.

 - » Acadar información para deseñar **plans de formación adaptados ás necesidades futuras dos sectores produtivos**, a través da constitución de grupos de traballo onde estean representados todos os axentes implicados.
- » Deseñar plans de formación específicos, a medida das necesidades das empresas ou das administracións, consolidando a **FP dual como vía prioritaria de formación**. Acadar que o número de empresas colaboradoras coa Formación Profesional do Sistema Educativo **increméntese nun 15%** cada curso académico, e nun cifra moi superior no caso da FP dual onde se prevé un incremento do 74%.

 - » Contribuír a **dar visibilidade á Formación Profesional de Galicia** e incrementar en 10 puntos o número de cidadáns cun nivel de cualificación media:
 - » Máis persoas opten por esta formación, o que contribuirá a reducir a taxa de abandono escolar, reducir o déficit de traballadores, suplir a falta de substitución xeracional e aumentar a empregabilidade da poboación.
 - » Máis empresas opten por empregar a persoas con estudos de FP, o que contribuirá a mellorar a taxa de persoas contratadas con formación de grao básico, medio e superior.

Actuacións e calendario



ENCUNTROS PÚBLICO-PRIVADOS SECTORIAIS E TERRITORIAIS

Realizaranse contactos público-privados con todos os axentes implicados, que culminarán na **organización de encontros presenciais, de carácter sectorial e territorial**. Nestas actuacións, xunto coa Administración educativa estarán implicados outros departamentos da Administración autonómica, así como tamén se contará coas administracións locais. Participarán nestas reunións representantes das principais empresas, asociacións empresariais, entidades, axentes sociais, centros de Formación profesional de Galicia, profesorado e alumnado. Con esta ampla participación **garántese que estean representados todos os actores** que poden axudar a deseñar a formación profesional do futuro.

DEPARTAMENTOS DA ADMINISTRACIÓN AUTONÓMICA

ADMINISTRACIÓN EDUCATIVA

ADMINISTRACIÓNS LOCAIS

EMPRESAS

ASOCIACIÓNS EMPRESARIAIS

AXENTES SOCIAIS

ENTIDADES

CENTROS DE FORMACIÓN PROFESIONAL

PROFESORADO

ALUMNADO

Con estes encontros búscase a **implicación dos axentes sociais e representantes das distintas administracións**, para conseguir, entre todos, realizar unha **análise da situación do mercado laboral**, que inclúa os diferentes puntos de vista, e conseguir enlazar as necesidades de todos os participantes, para acadar a mellora da formación profesional, e unha maior vinculación da mesma coas necesidades da sociedade.

Durante os dous anos de duración deste Plan, realizaranse dous tipos de encontros, **uns encontros sectoriais**, nos sectores máis significativos do tecido produtivo de Galicia, e **outros encontros territoriais** centrados nun ámbito xeográfico máis restrinxido, de forma que se dea resposta as empresas máis pequenas ou a sectores produtivos máis focalizados nunha zona xeográfica.

Nos sectores máis significativos organizaranse **encontros específicos**, que aborden as necesidades concretas de cada un deles. Caracterizaranse tamén pola colaboración dos departamentos da administración autonómica implicados.

Encontros sectoriais



A Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidade, en colaboración coa CEG e os departamentos da administración autonómica, desenvolverá **entre febreiro e marzo**, os seguintes encontros sectoriais:



FORESTAL - MADEIRA

» 13 de febreiro de 2023



RECURSOS NATURAIS - ENERXÍAS SOSTIBLES

» 17 de marzo de 2023



METAL

Incluindo: automoción, naval, aeronáutica e construcións metálicas



CADEA MAR - INDUSTRIAS



TURISMO E HOSTALARÍA - INDUSTRIAS ALIMENTARIAS

Encontros territoriais



Co obxecto de tratar de achegarse ás necesidades concretas dos distintos ámbitos xeográficos de Galicia, durante o ano 2023, organizaranse **14 encontros territoriais**, repartidas por todo o territorio. Nestas actuación a Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidade contará co **apoio da Rede de Centros Integrados de Formación Profesional de Galicia**.



PROVINCIA DE A CORUÑA:

- » A Coruña, Betanzos, Bergantiños, Terra de Soneira, Finisterre e Xallas. 30 de maio
- » Ferroltera, Eume e Ortegál. 12 de maio
- » Santiago, Ordes, Arzúa, Terra de Melide, Barcala e Sar. 28 de febreiro
- » Barbanza, Muros e Noia.



PROVINCIA DE LUGO:

- » Lugo e zona central. 8 de maio
- » A Mariña. 3 de marzo
- » Terra de Lemos, Chantada e Quiroga.



PROVINCIA DE OURENSE:

- » Ourense, Carballiño, Ribeiro, Terra de Celanova e Allaríz- Maceda. 15 de maio
- » Valdeorras, Terra de Trives, Terra de Caldelas e Viana.
- » Verín, Limia e Baixa Limia.



PROVINCIA DE PONTEVEDRA:

- » Vigo, Morrazo, Baixo Miño, Condado e Paradanta. 23 de maio
- » Pontevedra e Caldas. 15 de febreiro
- » Deza e Tabeirós - Terra de Montes. 27 de febreiro
- » O Salnés. 3 de maio

Constitución de grupos de traballo de ámbito sectorial e territorial

Os encontros sectoriais e territoriais de carácter presencial, actos públicos nos que se darán a coñecer as múltiples posibilidades do ecosistema de Formación Profesional de Galicia, tanto de formación como de capacitación profesional, e nos que recollerán as necesidades de formación e capacitación que necesita o mundo laboral, tanto actuais como futuras, darán lugar a **constitución de grupos de traballo** nos que estarán representados todos os axentes implicados, e permitirá traballar esta información co obxectivo de **facilitar o deseño de plans de formación profesional adaptados ás necesidades futuras dos sectores produtivos**.

Estes grupos actuarán baixo a coordinación da Dirección Xeral de Formación Profesional da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidade, coa colaboración da Confederación de empresarios de Galicia e a participación efectiva da Rede de CIFP de Galicia.

Centrarán as súas **actuacións**:



A través da identificación das **necesidades actuais, a medio prazo e futuras** de formación das empresas.



Coa análise das posibles **transformacións produtivas** e a súa implicación nas **competencias profesionais**, incluíndo as profesións emerxentes.



Mediante a concreción de **novos perfís profesionais** relacionados con traballos futuros.

Constitución de grupos de traballo de ámbito sectorial e territorial

Constitución de **19 grupos de traballo (GT)**, entre febreiro e marzo 2023, correspondendo cos encontros sectoriais e territoriais:

Estes grupos desenvolverán o seu traballo nun período de **2 meses**, de xeito que no mes de maio de 2023 estarán rematados. Froito da análise dos resultados destes encontros, no ano 2024 poderase ampliar esta actuación a outros sectores significativos.

- » GT ámbito sector Forestal- madeira.
- » GT ámbito sector Cadea mar- Industrias.
- » GT ámbito sector Metal (incluíndo: Automoción, naval, Aeronáutica e Construcións metálicas).
- » GT ámbito sector Recursos naturais- Enerxías sostibles.
- » GT ámbito sector Turismo e Hostalaría- industrias alimentarias.
- » GT ámbito territorial A Coruña, Betanzos, Bergantiños, Terra de Soneira, Finisterre e Xallas.
- » GT ámbito territorial Ferroltera, Eume e Ortegaleira.
- » GT ámbito territorial Santiago, Ordes, Arzúa, Terra de Melide, Barcala e Sar.
- » GT ámbito territorial Barbanza, Muros e Noia.
- » GT ámbito territorial Lugo e zona central.
- » GT ámbito territorial A Mariña.
- » GT ámbito territorial Terra de Lemos, Chantada e Quiroga.
- » GT ámbito territorial Ourense, Carballiño, Ribeiro, Terra de Celanova e Allaríz- Maceda.
- » GT ámbito territorial Valdeorras, Terra de Trives, Terra de Caldelas e Viana.
- » GT ámbito territorial Verín, Limia e Baixa Limia.
- » GT ámbito territorial Vigo, Morrazo, Baixo Miño, Condado e Paradanta.
- » GT ámbito territorial Pontevedra e Caldas.
- » GT ámbito territorial Deza e Tabeirós- Terra de Montes.
- » GT ámbito territorial O Salnés.

Plans de Formación Específicos

Como resultado das accións anteriores procederáse a establecer Plans de acción de formación especializada para ámbitos profesionais específicos e Plans territoriais de Formación Profesional.

Reforzando as **relacións de confianza entre o mundo produtivo e o formativo**, darase resposta áxil e idónea aos novos retos sociais, económicos e ambientais aos que se enfronta Galicia.

Acadando que o número de empresas colaboradoras coa Formación Profesional do Sistema Educativo incrementátese nun 15% cada curso académico, **consolidarase a FP dual** como vía prioritaria de formación profesional, onde se prevé un incremento do 74%.

Os **14 plans de ámbito territorial** xunto cos **5 plans de ámbito sectorial** resultantes, formarán parte íntegra do Plan de colaboración público-privado da Formación Profesional de Galicia da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidade, constituíndo unha ferramenta estratéxica para a definición das ofertas de formación profesional do sistema educativo.

No mes de xuño de 2023 terá lugar a presentación do **Plan Conecta FP Galicia de colaboración público-privada para o establecemento de ofertas de formación profesional a medida do tecido produtivo galego 2023-2025**, incidindo nas ofertas de ensinanzas de formación profesional dos:

»» CURSO 2023-2024

Previsión de **incremento de 4.500 prazas** de ciclo básico, ciclo medio, ciclo superior e cursos e masters de especialización, con ofertas a medida das necesidades das empresas e oferta do proceso de acreditación da experiencia laboral e formación non formal aberta a poboación de Galicia.

»» CURSO 2024-2025

Previsión de **incremento de 5.000 prazas** de ciclo básico, ciclo medio, ciclo superior e cursos e masters de especialización, con ofertas a medida das necesidades das empresas e oferta do proceso de acreditación da experiencia laboral e formación non formal aberta a poboación de Galicia.

Participación



PARTICIPANTES

Prevese que participarán neste plan de **máis de 10.000 empresas**, entre as que se atopan as empresas colaboradoras na formación en empresas do alumnado de Formación profesional, así como empresas referentes dos sectores significativos. Serán convidadas a estes encontros, **máis de 400 asociacións, clústeres ou entidades** vinculadas co sector produtivo, a totalidade das administracións implicadas (consellerías, axencias, fundacións, administracións locais,...) , e participarán **máis de 300 centros educativos** de formación profesional.

+10.000
EMPRESAS

+400
ASOCIACIÓNS,
CLÚSTERES OU
ENTIDADES

+300
CENTROS
EDUCATIVOS



XUNTA
DE GALICIA